


A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de decembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 34391 (10/POC-005457)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre o balance da participación da Xunta de Galicia no I Encontro da Rede Interautonómica da Memoria Histórica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018
- 1.2 37274 (10/POC-005903)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre as declaracións do presidente dun partido político nas que se propón a recuperación polo Estado español das competencias en materia de Educación no suposto de falta de lealdade, e as condicións que hai nos sistemas de acceso á función docente respecto do coñecemento da lingua galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 363, do 27.09.2018
- 1.3 39084 (10/POC-006129)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o coñecemento, os datos e a opinión do Goberno galego respecto da proposta de creación dunha universidade privada en Galicia, a valoración que fai das súas posibles consecuencias para o Sistema universitario galego, así como os parámetros que debe cumprir calquera proxecto universitario privado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018
- 1.4 40578 (10/POC-006334)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 3 máis
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía no ámbito do Sergas, as súas previsións referidas ao impulso dalgunha modificación legal para garantir eses dereitos no eido socioeconómico e a súa posición en relación coas consideracións da Valedora do Pobo respecto da denuncia presentada pola Irmandade da Sanidade Galega referida á progresiva desaparición do galego en varios ámbitos do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 391, do 29.11.2018



Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 39732 (10/PNC-003198)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas funcións de control da Dirección Xeral de Patrimonio respecto da reconstrución e restauración de edificios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018
- 2.2 39812 (10/PNC-003201)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Novo Fariña, María Isabel e 7 máis
Sobre a habilitación polo Goberno galego, na Casa-Biblioteca Domingo Fontán, no lugar de Porta do Conde, no concello de Portas, dun museo onde se expoña o seu traballo e obra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018
- 2.3 40728 (10/PNC-003302)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a dotación por parte do Goberno galego do profesorado necesario no CEIP Virxe da Luz , de Portomarín, para garantir o agrupamento do alumnado dentro do mesmo ciclo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 390, do 28.11.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 05/12/2018 14:09:23